




Recital de poesía e música a cargo da escritora **Yolanda Castaño** Premio Nacional de Poesía pola súa obra *Materia* acompañada do músico e compositor **Isaac Garabatos**



Teatro AS TORRES de SANTA CRUZ
xoves, 26 de outubro, ás 19 horas

A voz de Yolanda Castaño únese ás composicións musicais de Isaac Garabatos, en diálogo constante entre música e poesía, nun espectáculo de gran calidade artística e cargado de emocións.

Segundo o xurado do Premio Nacional de Poesía nomeado polo *Ministerio de Cultura y Deporte*, o poemario *Materia* "mostra unha poesía metafórica que dialoga coa memoria persoal e colectiva e, á vez, directa, radical e feminista. Explora, de forma non compracente, temas como a maternidade, a familia e os costumes, e logra sacar a realidade da súa nebulosa habitual para concretala en materia lingüística, destacando o xogo verbal e rítmico que cuestiona o establecido".

Yolanda Castaño é poeta, filóloga e unha activa xestora cultural, coa súa propia residencia para escritores/as na Coruña. Premio Nacional de Poesía (2023) e Premio da Crítica en lingua galega (2022) polo seu libro *Materia*. Entre as súas obras podemos destacar: *Vivimos no ciclo das Erofanías*, *O libro da Egoísta*, *Profundidade de campo*, *A segunda lingua*, *Elevar as pálpebras* ou *Delicia*. Ademais dos citados, ten no seu haber outros premios literarios, como por exemplo: Premio da Cultura de Galicia (2023), Premio Irmandade do Libro a autora do ano (2014), Premio Fundación Novacaixagalicia (2013), Premio Ojo Crítico (2009), Premio Espiral Maior (2007), Premio Nacional da Crítica (1999).

Isaac Garabatos é un dos músicos e compositores máis versátiles do panorama musical galego. Realizou numerosos traballos de composición para diferentes obras de danza contemporánea, teatro, curtametraxes e grupos de Jazz, Fusión, Latin-Jazz, Funk, Folk, Pop, Rock e dance.

Desde as bibliotecas municipais invítase ás persoas que desexen asistir, ata completar o aforo, para que gocen coa poesía e coa música